

SUXERENCIAS PARA ADULTOS

Maldito karma

Autor: David Safier

Editorial: Seix Barral

Unha presentadora de televisión morre e reen-cárnase nunha formiga. Inicia un proceso de acumular bo karma para escalar na pirámide da evolución. Divertida novela sobre a importancia de valorar o que tes.



Mar de fuego

Autor: Chufo Lloréns

Editorial: Grijalvo

Este libro recrea unha época tumultuosa da Barcelona do Medievo sometida ás tensións da corte onde se maquina a sanguenta sucesión do conde Ramón Berenguer I. Namentres, o ilustre navieiro e posuidor dunha das maiores fortunas do condado, Martí Barbany, ten que facer fronte aos amores da súa filla moza por un nobre nunha época na que non estaba permitido saírse da clase social na que un nacera.




Indignádevos!

Autor: Stéphane Hessel


Editorial: Kalandraka

O autor deste libro estase a converter na conciencia da nosa sociedade. Con 93 anos de idade, xudeo, nacido en Alemaña e nacionalizado francés, insta á mocidade a non quedarse indiferente ante a inxustiza que estamos a vivir nestes tempos.



FELICES VACACIONES!!

Suxerencias para verán



EDUCACIÓN INFANTIL

O paseo de Rosalía



Autor: Pat Hutchins

Editorial: Kalandraka

Texto con breves frases encadeadas e acompañadas de imaxes descritivas, con dous niveis de lectura: o paseo da galiña Rosalía, e o accidentado e humorístico axexo ao que a somete un raposo que a persegue, sen que ela se decate do perigo.

Onde van os bebés?

Autor: Elzbieta

Editorial: Kalandraka



Libro que reborda inocencia, dozura e fala do paso do tempo a través daqueles xoguetes que van quedando

atrás. Dous osos de peluche preguntanse onde van os bebés que xa non están con eles.

Pequena Lúa

Autor: Elzbieta

Editorial: Kalandraka

Fábula tenra e fermosa que reflicte como é o carácter dos nenos nos seus primeiros anos, cando as palabras empezan a agromar, cando desenvolven os sentidos e a percepción do mundo que os rodea.



¿Qué tiempo hace hoy?

Autor: Gitte Spee

Editorial: MacMillan

O elefante Tomás quere saber como é a neve. Pero antes de chegar a o lugar onde neva e fai frío descubrirá o divertido que é chapotear nos charcos, a maxia do arco da vella e o ruído das treboadas.



Caracol e Formiga



Autor: Armando Quintero & André Letria

Editorial: OQO Editorial

O caracol anda devagar e a formiga vai moi rápida, o que non lles impide estar sempre xuntos. Un día deciden ir tomar un baño ao lago, un paseo no que coñecerán un pouco mellor a natureza e a les mesmos.

As aventuras de Osiño

Autor: Helga Bansch

Editorial: OQO Editora

Osiño non tiña ningunhas ganas de quedar na súa cova todo o inverno. “Marcho na procura de aventuras!”, dixo, e foise co músico. Ao longo de todo o ano, o protagonista coñecerá diferentes lugares, fará novos amigos e, ante todo, cumprirá o seu soño: coñecer o mar.

